

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 04/01/2021**  
**(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

ALBERTO VARELA PAZ

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA  
LINO MOURIÑO SANTIAGO  
LUZ MARIA ABALO PÉREZ  
DIEGO GARCIA SANTIAGO  
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN  
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

**SECRETARIA**

MARIA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

**INTERVENTORA**

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 04/01/2021 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 28 de decembro de 2020, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2020/4101**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Medioambiental Oitaben SLU para a reposición de dous impulsores para dúas bombas do Bombeo de Vilaxoán, por un importe total de 4.150,69 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2020/4341**

Vista a proposta do Servizo de Sinalización, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por SEBAGASA (Señalizaciones y Balizamientos de Galicia SA) para o repintado de marcas viais e sinalización horizontal dos pasos de peóns e illetas en diferentes localizacións do término municipal, por un importe total de 11.490,77 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22108.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2020/4546**

Vista a proposta do Departamento de Informática a Xunta de Goberno Local acora aprobar o

orçamento de mantemento e soporte da aplicación informática Acordos e Resolucións Web(órganos colexiados: X.G.L. e Plenos), á empresa ABS INFORMÁTICA, S.L. , para o ano 2021, por importe de 1.464,12 €, con cargo á partida 920.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4547**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orçamento presentado pola Empresa Ambiser Innovaciones SL para soporte, mantemento e un servizo de hosting para a aplicación de video actas para o ano 2021, por un importe total de 4.840,00€ (IVE incluído), con cargo á partida 920.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4549**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación dos seguintes orzamentos, presentados pola Empresa AYTOS Soluciones Informáticas S.L.U., para mantemento das aplicacións informáticas de contabilidade e factura electrónica, para o ano 2021, con cargo á partida orzamentaria 931.22706:

- Mantemento e soporte da aplicación informática de Contabilidade (SICALWIN), por un importe total de 10.182,16 € (IVE incluído),
- Mantemento e soporte da aplicación informática de xestión e tratamento de facturas electrónicas AYTOSFACTUR@ para as administracións públicas, por un importe total de 1.923,90 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4550**

Vista a proposta do Enxeñeiro Xefe de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orçamento presentado por Balidea Consulting & Programming, S.L. para renovación do servizo de subscrición das licenzas de dous cortallumes (FIREWALL) FORTIGATE 104D durante o ano 2021, por un importe total de 4.837,58 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4551**

Vista a proposta do Enxeñeiro Informático, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orçamento presentado por Balidea Consulting & Programming S.L. para a renovación servizo de subscrición dunha licenza do software de copias de seguridade Veeam Backup Essentials Enterprise 2 socket bundle para o período de 10-08-2021 a 08-08-2022, por un importe total de 1.782,94 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706, realizando a facturación a partir do 10 de agosto de 2021.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4552**

Vista a proposta do Departamento de Informática Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento da Empresa Calpur Servicios Informáticos S.L., para servizo de soporte e mantemento do servidor HP DL120G&X3450 HP SAS EU Svr, con n/S CZ1031004X, para o ano 2021, por importe de 453,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4553**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a renovación de soporte e mantemento de tres licenzas do programa Menfis V.8 (Programa Informático de cálculo de orzamentos e medicións) para o ano 2021 á Empresa Coordinadora de Sistemas, S.L., por un importe de 435,60€ (IVE incluído), con cargo á partida 150.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4555**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Edatalia data solutions SL para a renovación do servizo de subscrición dunha licenza de dez postos de sinatura do software ecoSignature durante o ano 2021, por un importe de 1.016,14 € (IVE incluído), con cargo á partida 931.22706, cun periodo de vixencia das licenzas de 09-03-2021 a 08-03-2022.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4556**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Espublico Servicios para la Administración SA. para o servizo de soporte e subscrición á Plataforma de Facenda Local vía web para o ano 2021, por un importe total de 9.395,67 € (IVE incluído), con cargo á partida 931.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4548**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Angel Carretero Fernández para o servizo de soporte e mantemento das máquinas pregadoras/seladoras da Recadación Municipal e Policía Local para o ano 2021, coa seguinte desagregación:

- Pregadora/seladora AS-200 da Policía Local, por un importe de 508,20 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22706.
- Pregadora/seladora AS-350 da Recadación Municipal, por un importe de 635,25 €, con cargo á partida 934.22706.

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4554**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar orzamento presentado por Desenvollos Informáticos de Aplicacións Loxicais, S.L., para o mantemento e soporte das aplicacións informáticas de xestión académica CODEX, CENTROSNET e o Servizo de SEGURNET do Conservatorio Profesional de Música para o ano 2021, por un importe de 1.243,16 € (IVE incluído) con cargo á partida 3261.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4557**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda a renovación do servizo de soporte e mantemento das aplicacións informáticas da Policía Local EuroCop-2000, Euro-OTD, EuroCop DGT-ATEX, para o ano 2021, coa empresa Eurocop Security Systems, S.L., por importe de 6.246,60 € (IVE incluído), con cargo á partida 132.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4558**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda o orzamento presentado por Gestión Tributaria Territorial SA para a prestación dun servizo de explotación en modo "cloud" da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) para o ano 2021, por importe de 53.240,04 € (IVE incluído), con cargo á partida 931.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4559**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Imatia Innovation, S.L. para o servizo de soporte e mantemento da aplicación informática Cividas e-GOV, Órganos Colexiados e Cividas Inventario para o ano 2021, por un importe total de 12.100 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2020/4560**

Vista a proposta do Departameto de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por INSERPYPE GLOBAL, S.A. para servizo de soporte e mantemento das seguintes centralitas telefónicas do Concello, para o ano 2021, coa seguinte desagregación:

- Centralita telefónica da Casa do Concello (Unify Siemens - OpenScape Business X8), por importe total de 2.631,62 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.
- Centralita telefónica do edificio do Auditorio Municipal (Hicom 3300), por importe total de 319,44 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22706.
- Centralita telefónica do edificio do SPAD (Hicom 3350), por un importe total de 373,32 € (IVE incluído), con cargo á partida 2311.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2020/4561**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa Ozona Consulting, S.L. a renovación da subscrición de 125 licenzas Citrix Virtual Apps Avanced, e dúas licenzas Citrix Gateway Enterprise VPX para o ano 2021, por un prezo de 8.021,68 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2020/4562**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa Ozona Consulting, S.L. un servizo de subscrición dunha licenza Basic Support Coverage VMware vSphere 5 Essentials Plus Kit para 3 hosts e unha licenza Subscription VMware vSpherere 5 Essentials Kit para 3 hosts da plataforma hardware do Concello para o ano 2021, por un importe total de 1.246,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2020/4563**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por OZONA CONSULTING, SL para a renovación do servizo de subscrición das licenzas do software veritas backup exec de copias de seguridade para o ano 2021, por un importe total de 600,21 (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2020/4564**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Ozona Consulting, S.L. para a renovación ddo servizo de asistencia técnica (SAC) de soporte, prevención e resolución de incidencias da plataforma de centralización de aplicacións Citrix Xen App (Plataforma VMware, sistema de copias, Plataforma de acceso

remoto Netscaler Gateway, etc) e unha bolsa de 40 créditos para peticións de servizo para o ano 2021, por un importe de 7.235,80 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4565**

Vista a proposta do Enxeñeiro Xefe de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a renovación da subscrición das licenzas do Antivirus corporativo municipal Kaspersky Endpoint Security for business 220 e un servizo de consultoría para o ano 2021 á Empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, S.L., por un importe de 4.693,59 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4566**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, S.L. un servizo de reparación, in situ, de incidencias informáticas nos edificios municipais, que inclúe desprazamento e man de obra, por importe de 50 € (IVE) incluído, por cada actuación, facturándose as mesmas individualmente. O número de intervencións previstas para o presente ano estímase en 50, establecéndose un importe estimado de 2.500,00€, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4567**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobación do orzamento presentado por Soluciones Avanzadas en Informática Aplicada S.L. (SAVIA), para renovación dun servizo de soporte e mantemento da aplicación informática de Recursos Humanos para o ano 2021, por un importe total de 5.264,48 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4568**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por WURTH, S.L., para o servizo de mantemento e soporte da aplicación informática WINTASK Padrón e GALI-Padrón para o ano 2021, por un importe total de 2.818,28 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4569**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Fundación Instituto Tecnológico de Galicia para a renovación do servizo de soporte e mantemento da aplicación informática via web presupuesta.com para o ano 2021, por un importe total de 100,01 € (IVE incluído), con cargo á partida 150.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4570**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a renovación dos seguintes servizos e aplicacións informáticas para o ano 2021 coa empresa Ayco Internet S.L., por un importe total de 6.981,70 €, coa seguinte desagregación:

- Aloxamento e xestión da web corporativa, por un importe anual de 1.512,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22706.
- Aloxamento e xestión do correo electrónico corporativo, dos dominios vilagarcia.gal, vilagarcia.es e ivilagarcia.com, e o servizo de envío de grandes ficheiros e a súa renovación por un importe anual de 2.813,25 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.
- Servizo de limpeza antiVirus e antSpam para os correos electrónicos a nivel de Servidor, por un importe anual de 738,10 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.
- Servizo de soporte e mantemento da aplicación informática Bdoutlook, por un prezo anual de 603,79 € (IVE incluído), con cargo á partida 912.22706.
- Servizo de albergue corporativo multi-site, por un importe anual de 1.573,00€(IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4571**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a renovación do servizo de soporte e mantemento das máquinas de aire acondicionado AIR BLUE modelo OEDA HH 140 e KAYSUN KPC-140 HTN4 DE 14 KW para a sala de ordenadores para o ano 2021 coa empresa Mantenimientos Gallegos (MAGA) S.A. por un importe de 629,44 € (IVE incluído) con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4604**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para renovación doservizo de soporte e mantemento das fontes de alimentación ininterrompida (S.A.I.) para o ano 2021 á Empresa SALICRU, S.A., coa seguinte desagregación:

- 1.- Mantemento tipo LV8-MB das SAI's da casa do Concello S.A.I. SLC-10000-TWIN e para a S.A.I. UPS-50-DL, por un importe de 5.063,92 € incluído o IVE con cargo á partida 9201-22706.
- 2.- Mantemento tipo LV8-MB, da SAI da sala de ordenadores, para a S.A.I. SLC-10000-TWIN, con n/s 232012B71624, por un importe de 1.165,52 € incluído o IVE, con cargo á partida 9201.22706.

3.- Mantemento tipo LV8-MB da SAI do auditorio S.A.I. UPS-8000-NX/3, nº fabricación: 0039147, por un importe de 1.180,68 € incluído o IVE, con cargo á partida 334.22706.

4.- Mantemento tipo LV8-MB da SAI do SPAD, marca SALICRU Tipo: UPS-8000-link/3 `RP, nº fabricación 232014A70637, situada nas dependencias do Servizo de Prevención e Asistencia a Drogodependentes (SPAD), por un importe de 1.180,77 €. Incluído o IVE, con cargo á partida 2311.22706.

5.-Mantemento tipo LV8-MB, da S.A.I. marca SALICRU Tipo: UPS-5000-NXL, nº fabricación X471-309, situada no servizo de emerxencias, por un importe de 763,64 €. Incluído o IVE, con cargo á partida 135.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2020/4629**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a renovación dos seguintes contratos de mantemento para o ano 2021 coa Empresa Visual Publinet, S.L., con cargo á partida 926.22706:

Soporte e mantemento da páxina web do Concello (programación e deseño), por un prezo de 2.032,80 € (IVE incluído), realizando a facturación de forma trimestral, por un prezo de 508,20 € (IVE incluído).

Soporte e mantemento do aloxamento do dominio "vilagarciaactiva.com", por un prezo de 871,20 € (IVE incluído), realizando a facturación de forma trimestral, por un prezo de 217,80 € (IVE incluído).

Soporte e mantemento e aloxamento de dominio "visitvilagarcia.es", por un importe total de 508,20 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2020/4633**

Vista a proposta Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento de prestación do servizo de soporte e subscrición das aplicacións informáticas de consulta de lexislación vía web contratadas coa empresa Wolters Kluwer España, S.A. para o ano 2021, por importe de 9.577,12 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22706:

1. BB.DD. A Lei Dixital 360, 4 usuarios concorrentes.
2. BB.DD. O Consultor dos Concellos Plus, 4 usuarios concorrentes.
3. BB.DD O Consultor Facendas Locais, 4 usuarios concorrentes.
4. BB.DD. O Consultor Licenzas Municipais, 4 usuarios concorrentes.
5. BB.DD. O Consultor Contratación Administrativa, 4 usuarios concorrentes.
6. BBDD Cissonline Atlas Laboral, 4 usuarios concorrentes .
7. BBDD A lei Dixital Doctrina Administrativa, 4 usuarios concorrentes.
8. BBDD O consultor "Al Día", 4 usuarios concorrentes.

Plataforma SMARTECA, formada por:

9. Revista On-line Actualidade Administrativa, 15 usuarios, 4 accesos concorrentes.
10. Revista On-line O Consultor dos Concellos, 15 usuarios, 4 accesos concorrentes.



11. Revista On-line Contratación Práctica Administrativa, 15 usuarios, 4 accesos concurrentes.
12. Revista On-line Práctica Urbanística, 15 usuarios, 4 accesos concurrentes.
13. Libro dixital Todo Social ADENDA, 15 usuarios, 4 accesos concurrentes.
14. Libro dixital Todo Haciendas Locales, 15 usuarios, 4 accesos concurrentes.

Aplicacións informáticas vía web:

15.- Aplicación informática vía web Complylaw (1 Licenza), para cumprir coas obrigacións do regulamento xeral de protección de datos (RGPD) en canto a documentación avaliación dos tratamentos, informes PIAS etc.

Subscricións en formato Papel:

16. A revista O Consultor dos Concellos en formato papel.

Ademais, están en funcionamento os seguintes servizos:

- Unha web personalizada para a consulta de todos os produtos anteriores que se integrará no sistema informático municipal.
- Formación On-line gratuíta sen límite de cursos.
- Personalización das revistas On-line mediante o programa SMARTECA, 15 licencias para cada revista.

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 será obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal."

#### **PRP2020/4635**

Vista a proposta do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa VLEX NETWORKS S.L. un servizo de soporte e subscrición das aplicacións informáticas de consulta de lexislación vía web para o ano 2021 por un importe de 2.123,56 € IVE incluído, con cargo á partida 920.22001. A facturación deberá ser trimestral.

Os produtos de consulta vía web, son os seguintes:

Vlex España Premium, 5 usuarios concurrentes.

Vlex Analytics España, 5 usuarios concurrentes.

Vincent, 5 usuarios concurrentes.

Práctico Contencioso Advo, 5 usuarios concurrentes.

Práctico Contratación Sector Público, 5 usuarios concurrentes.

Práctico Entidades Locales, 5 usuarios concurrentes.

Práctico Urbanismo, 5 usuarios concurrentes.

Servizo Consultas

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4781**

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor, privado, de subscrición para o ano 2021 da revista "La Administración Práctica", a

Editorial Aranzadi SA, por un importe de 654,34 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22001. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4791**

Vista a proposta do Servizo de Alumeado Público, a Xunta de Goberno Local qacorda aprobar o orzamento presentado por D. Antonio Capelo García para asesoramento técnico de xestión enerxética, revisión de facturación mensual e uso/soposte do software de xestión enerxética para o ano 2021, incluíndo auditorías enerxéticas nas depondencias municipais, por un importe total de 7.260,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 165.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **EMPREGO**

#### **PRP2020/4777**

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego "Labora Xove 2020", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Kaeme, Consultoría y Prevención SL para a realización da actividade complementaria "Alfabetización Informática as especialidades - Socorrismo en espazos acuaticos e goberno de embarcacións de salvamento- e -Instalación e mantemento de zonas verdes e aproveitamento forestal", por un importe de 250 € para cada especialidade (10 horas), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4778**

Vista a proposta da Directora do Programa de Emprego labora Xove 2020, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado por Serviocio C.D. y Recreación SL, para a contratación do alugueiro de rúas da piscina municipal para o desenvolvemento da formación do alumnado da especialidade "Socorrismo en espazos acuáticos e Goberno de Embarcacións de Salvamento, do 11 de xaneiro ao 30 de marzo de 2020, por un prezo de 1.095,60 € (mais IVE), con cargo á partida 2412.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2020/4779**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 2020", a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a utilización dos fondos do módulo B da subvención concedida para gastos de formación e funcionamento do Obradoiro, por un importe de 27.072,00 € durante os 9 meses do seu funcionamento, para adquisición de material docente e de prácticas e servizos precisos para

o desenvolvemento do proxecto a medida que vaian xurdindo as necesidades correspondentes.

#### **PRP2020/4780**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego “Forme 20”, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Ara Negocios SL, por un importe total de 1.250,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2412.22199, para a realización dun Curso de Prevención de Riscos Laborais de nivel básico, de 60 horas, para a especialidade de Carpintería do citado Obradoiro de Emprego.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**

### **MERCADOS**

#### **PRP2020/4729**

Dáse conta do escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, requirindo enmenda de non conformidades de tipo estrutural detectadas nas visitas de inspección en establecementos exteriores da Praza de Abastos:

Non dispoñen de auga quente

Non teñen desaugadoiros.

Dáse conta do informe do xefe de mercados que indica o seguinte:

Os postos contan con auga potable e instalación eléctrica, son obrigas específicas dos concesionarios, realizar por súa exclusiva conta todas as obras que requiren a instalación e explotación dos postos, reventando estas ao Concello, sin indemnización algunha.

O Concello ten aprobado en Xunta de Goberno Local de data 23/11/2020, a reforma das beirarrúas do entorno da praza de abastos, co compromiso correspondente nesta obra de dotar a cada posto co desaugadoiro independente. E unha vez rematado esixir a cada concesionario a instalación dun quentador de auga. Con isto trasládase á Xefatura Teritorial da Consellería de Sanidade o compromiso de actuación para corrixir e subsanar este requirimento de enmenda. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **SANIDADE**

#### **PRP2020/4762**

Dáse conta de escrito de **D. José Luís Túnuez de la Tore** solicitando suspensión temporal do exercicio da actividade de taxista como titular da licenza nº 28, por atoparse en incapacidade permanente revisable outorgada polo INSS.

Visto o informe da Secretaría Xeral e de conformidade co establecido no Artigo 11 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte de persoas en vehículos de turismo de Galicia, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a D. José Luis Bello Rebolo a suspensión da licenza nº 16, da que é titular, por un prazo máximo de dous anos, ao non poder exercer a actividade por ter concedida unha incapacidade permanente revisable polo Instituto Nacional da Seguridade Social.

## **CONTRATACIÓN**

**PRP2020/4760**

Dáse conta do expediente de contratación CT 29/2019-e tramitado mediante Procedemento Aberto Simplificado e tramitación ordinaria para adxudicar a prestación do contrato de subministro con instalación denominado "Subministro dun sistema de cámaras con lector de matrículas para control de infraccións de tráfico", financiado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018/2019..

Dáse conta das empresas presentadas á licitación:

CIF: A07231954 FEDERAL SIGNAL VAMA, S.A.U

CIF: A80015506 TRADESEGUR, S.A.

Una vez estudadas as dúas ofertas, a Mesa de Contratación conclúe o seguinte:

A oferta presentada polo licitador TRADESEGUR, S.A. non cumpre o prego de condicións técnicas posto que o seu proxecto é portátil e portable polo tanto non se integra no vehículo: a pantalla táctil non se integra no cadro de mandos do vehículo, non oferta unha antena cuatribanda instalada no teito do vehículo, non oferta un proxecto técnico para realizar a ITV e a modificación da ficha técnica do vehículo.

A oferta presentada polo licitados FEDERAL SIGNAL VAMA, S.A. cumpre o prego de condicións técnicas. A valoración do proxecto presentado polo licitador é de 22 puntos.”

Tendo en conta os criterios establecidos no PCAP e no prego de prescripciones técnicas particulares que rexen a licitación, a mesa de contratación acorda excluír da licitación á empresa con CIF: A80015506 TRADESEGUR, S.A. porque a súa oferta técnica non se axusta ao establecido nos pregos.

A oferta económica presenta polo licitador admitido, FEDERAL SIGNAL VAMA, S.A.U. e a seguinte:

Licitador	oferta económica (IVE excluído)	Oferta IVE incluído	MELLORAS	
			A.1-1 Incremento del plazo mínimo de soporte y mantenimiento	A.1-2 Aumento prazo garantía fixado no Anexo I
FEDERAL SIGNAL VAMA, S.A.U.	25.495,43 €	30.849,47 €	8 trimestres	4 Trimestres (Exclue expresamente os discos duros e o monitor de oficina)

Unha vez aplicados os criterios de valoración e adxudicación previstos no PCAP, a oferta presentada por FEDERAL SIGNAL VAMA, S.A.U, obtén a seguinte puntuación:

Licitador	oferta económica (IVE INCLUIDO)	PUNTUACION OFERTA ECONOMICA	MELLORAS	
			Puntuacion da mellora A.1-1 Incremento do prazo mínimo de soporte e mantemento	Puntuación da mellora A.1-2 Aumento prazo garantía fixado no Anexo I
FEDERAL SIGNAL VAMA, S.A.U.	30.849,47	15	40	0 (Non se acepta a mellora pois a garantía ofertada non se axusta ao indicado no PCAP)

Polo tanto a puntuación obtieda por FEDERAL SIGNAL VAMA, S.A.U. e a seguinte:

CIF: A07231954 FEDERAL SIGNAL VAMA, S.A.U.

Total criterios CJV: 22.0

Total criterios CAF: 55.0

Total puntuación: 77.0

A mesa de contratación, por unanimidade, e conforme ao disposto polo art. 159.4 f) da Lei de

Contratos do Sector Público, acordou:

1.- Propoñer a exclusión de A80015506 TRADESEGUR, S.A. porque a súa oferta técnica non se axusta ao establecido nos pregos.

2.- Propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de subministración denominado “ Subministro dun sistema de cámaras con lector de matrículas para control de infraccións de tráfico”, financiado pola Excm. Deputación Provincial de Pontevedra con cargo ao plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018/19, cun orzamento de licitación de 25.500,00 € (sen IVE) e de 30.855,00 € (IVE incluído), á empresa con CIF: A07231954 FEDERAL SIGNAL VAMA, S.A.U., de conformidade coa súa oferta, que ascende 25.495,43 € (sen IVE), ao que corresponde un IVE (21%) de 5.354,04 €, o que totaliza un importe de 30.849,47 € (IVE incluído) coas melloras incluídas na mesma

3.- Que se requira á empresa FEDERAL SIGNAL VAMA, S.A.U. para que no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación, presente a garantía definitiva e toda aquela documentación que non se atope rexistrada no Rexistro de licitadores.

O día 30/10/2020 ás 8:53 h a través da Plataforma de Contratación enviásele a Federal Signal Vama, SAU un requirimento para que presente a documentación indicada no parágrafo seguinte, constando a lectura deste requirimento o mesmo día ás 8:56 na Plataforma de Contratación.

- A oferta está asinada por D. A. Sallent, que non consta no certificado de inscrición no ROLECE como apoderado a mercantil Federal Signal Vama, S.A.U., polo que deberá presentar escritura pública de apoderamento ao seu favor, na que conste a facultade para poder representar á citada mercantil en procedementos de licitación.

- Resgardo acreditativo da constitución na Tesourería Municipal da garantía por importe do 5% do prezo do adxudicación do contrato, excluído o IVE/IVE (1.274,77 €), ao dispor do órgano de contratación.

A mesa de contratación comproba que dita documentación foi presentada correctamente polo licitador en tempo e forma o día 09/11/2020 ás 15:10 h pola PCSP e por tanto, no prazo concedido para o efecto.

No requirimento efectuado o 30 de outubro, por erro, non foi solicitada a acreditación da solvencia económica e técnica do licitador Federal Signal Vama, polo que nun segundo requirimento efectuado a través da Plataforma de Contratación o día 11/11/2020 ás 8:53 horas e recibido o mesmo día ás 9:09 h, requírese a Federal Signal Vama, S.A.U., para que, no prazo de 7 días hábiles, a contar desde o seguinte ao da recepción do devandito requirimento, presente a documentación que a continuación se indica, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, pois a solvencia da empresa non puido ser comprobada mediante os accesos autorizados polo licitador:

- Acreditación da solvencia económica e financeira, de acordo co establecido no anexo II do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a licitación.

- Acreditación da solvencia técnica e profesional, de acordo co establecido no anexo II do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a licitación.

Lembrándolle ao licitador Federal Signal Vama, S.A que de non cumprir adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedendo neste caso, a solicitar a documentación pertinente ao seguinte licitador, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

En contestación a este segundo requirimento a empresa Federal Signal Vama, S.A, presenta no Rexistro Xeral de Entrada a través da sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa e non na Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación solicitada neste segundo

requirimento en data 25/11/2020. O prazo para a presentación da documentación requirida finalizou o 20/11/2020, ás 11:00 horas. O licitador proposto xustifica a non presentación da documentación en prazo en que tivo problemas informáticos. O 20/11/2020, ás 14:49, o licitador enviou correo electrónico ao departamento de contratación indicando que debido a unha incidencia informática nas súas instalacións na mañá do citado día, non puideron subir a documentación á plataforma de contratación do sector público á hora límite. Así mesmo, sinalan no citado correo que tentaron subila á sede electrónica municipal pero non tiveron éxito e envían documentos adxuntos ao citado correo electrónico solicitando indíqueselles como proceder para poder facelo a través da plataforma.

Anteriormente, en data 19/11/2020, o licitador remitiu correo electrónico ao departamento de contratación no que achegaba documentación que ía presentar como solvencia técnica.

En ningún dos dous correos electrónicos citados, de datas 19 e 20 de novembro de 2020, achegouse documentación xustificativa da solvencia económica e financeira.

Con data 25/11/2020, a través da sede electrónica municipal, o licitador presentou a seguinte documentación:

- 1) Contas anuais exercicio 2017, acreditando o seu depósito no Rexistro Mercantil.
- 2) Contas anuais exercicios 2018 e 2019 (non acredita o seu depósito no Rexistro Mercantil).
- 3) Relación equipos coincidentes por factura, asinada polo representante legal da entidade (coincidente co documento da letra d) adxunto ao correo electrónico do 20/11/2020).
- 4) Relación das principais subministracións realizadas nos anos 2018, 2019 e 2020, asinada polo representante legal da entidade (coincidente co documento da letra b) adxunto ao correo electrónico do 20/11/2020).
- 5) 5 facturas de subministracións de natureza análoga á do obxecto do contrato, realizados nos anos 2018, 2019 e 2020. (coincidentes coas facturas da letra a) adxuntas ao correo electrónico o día 20/11/2020)

Unha vez deliberado sobre o asunto e efectuada a votación, a mesa de contratación, por maioría, acorda non admitir a documentación presentada polo licitador fóra de prazo, debido a que de acordo co preceptuado polo art. 159 da lei 9/2017, de contratos do sector público, o prazo de presentación da citada documentación ten carácter preclusivo, entendéndose que o licitador retirou a súa oferta e, consecuentemente, procede efectuar proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación.

Tendo en conta que na presente licitación non existen máis candidatos procede declarar a licitación deserta.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1.-A exclusión da mercantil Federal Sigmal Vama, SAU por entender que retirou a súa oferta ao presentar a documentación requirida fora de prazo e consiguientemente, declarar deserta a licitación CT 29/2019-e - Subministro dun sistema de cámaras con lector de matrículas para control de infraccións de tráfico ao non existir mais licitadores admitidos.

2.-Devolver á empresa FEDERAL SIGMAL VAMA, SAU a fianza depositada, por importe de 1.274,77 € para responder da execución do contrato CT 29/2019-e - Subministro dun sistema de cámaras con lector de matrículas para control de infraccións de tráfico.

### **PRP2020/4761**

Dáse conta do recurso de alzada presentado por Tradeseegur, S.A. contra o acordo da mesa de contratación de data 29 de outubro de 2020, de exclusión da citada mercantil na licitación para a "Subministración dun sistema de cámaras con lector de matrículas para control de infraccións de tráfico".

Emítase informe en data 25/11/2020 pola xefa do Departamento de Contratación e Patrimonio deste Concello que di o seguinte:

“ASUNTO: Recurso de alzada interposto por Tradeseegur, S.A.contra o acordo da mesa de contratación de data 29 de outubro de 2020, de exclusión da citada mercantil na licitación para o “Subministro dun sistema de cámaras con lector de matrículas para control de infraccións de tráfico”. CT 29/2019

Con data 19 de novembro de 2020 (Rexistro Web 20200005786) D. Christian Liesau von Lettow Vorbeck interpón recurso de alzada contra o acordo de exclusión, da mercantil Tradeseegur, S.A., da licitación de referencia, que basea non seguinte fundamentos:

“La oferta de Tradeseegur contempla todas las funcionalidades solicitadas en el PPT y cumple los requisitos solicitados para el sistema de reconocimiento de matrículas La diferencia de nuestra oferta con lo establecido en el PPT es que se solicita un equipo instalado en un vehículo y unido de manera permanente e inseparable a él.

La oferta de Tradeseegur contempla un sistema, que, cumpliendo todas las funcionalidades, puede intercambiarse entre varios vehículos al no estar unido permanentemente a ninguno y, además, se han ofertado varias preinstalaciones de alimentación para que sea posible esta utilización indistinta en varios vehículos. Esta diferencia con lo solicitado en el PPT es, a nuestro entender, una mejora importante porque permitirá a la policía Local de Villagarcía de Arosa utilizar el sistema de reconocimiento de matrículas en diversos vehículos, no quedando el sistema inoperativo porque uno en concreto tenga que ir al taller por mantenimiento o averías.

El PCAP recoge en el apartado de valoración de las ofertas la posibilidad de incluir mejoras a lo solicitado en el PPT, siempre cumpliendo las funcionalidades requeridas, estas mejoras siempre se apartarán en algo a lo señalado en el PPT, en nuestro caso y a nuestro entender, para mejorarlo.

Desde el momento en que el PCAP valora la inclusión de mejoras, no nos parece correcto la exclusión por no ofertar exactamente lo que indica el PPT, en el peor de los casos, si no se considera mejora lo ofertado por la empresa, se darían cero puntos al apartado de las mejoras, pero nunca la exclusión.”

INFORME: Os pregos que rexen a licitación foron aprobados por Resolución da Alcaldía de data 25 de setembro de 2020, e publicados na Plataforma de contratación do Sector Público o 29 de setembro de 2020, data na que tamén se abriu o prazo para a presentación de ofertas.

A notificación de exclusión por non cumprir a súa oferta cos requisitos establecidos nos pregos que rexen a licitación, foi enviada través dos servizos da Plataforma de Contratación del Sector Público el 29-10-2020, sendo presentado recurso de alzada con data 19/11/2020 a través da Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa e, polo tanto, en prazo.

O prego que prescricións técnicas que rexe a licitación establece que o equipo debe estar instalado nun vehículo e unido a este, como recoñece o propia recorrente no seu recurso; polo que ao ofertar un equipo que poidan intercambiarse entre vehículos non está a cumprir cos pregos que rexen a licitación, tal e como indica o enxeñeiro informático municipal no seu informe de data 28 de outubro de 2020: “A oferta presentada polo licitador TRADESEGUR, S.A. non cumpre o prego de condicións técnicas posto que o seu proxecto é portátil e portable polo tanto non se integra no vehículo: a pantalla táctil non se integra no cadro de mandos do vehículo, non oferta unha antena cuatribanda instalada no teito do vehículo, non oferta un proxecto técnico para realizar a ITV e a modificación da ficha técnica do vehículo”

No que respecta á que sexa contemplado como unha mellora, a cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a licitación establece: “O contrato adxudicárase mediante PROCESO ABERTO SIMPLIFICADO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, de acordo co

sinalado no art. 159 da LCSP, o que se indicará no Anexo I, no que tamén se incluírá, no seu caso, a posibilidade de incluír variantes ou melloras, sen repercusión económica sobre os elementos e condicións indicadas no mesmo conforme ó disposto polos art. 142 e 145.7 da LCSP.

No mesmo senso a cláusula 12.2.2) do citado prego fixa con respecto ás melloras ofertadas polo licitador avaliábelas automaticamente, que só se poderán tomar en consideración variantes ou melloras, sen repercusión económica, que se prevexan expresamente no prego.

Finalmente no anexo VII en relación co anexo I. apartado 23, fíxanse as melloras que os licitadores poden presentar xunto as súas ofertas, que son:

1.- Incremento do prazo mínimo de soporte e mantemento fixado na cláusula 7 do prego de prescricións técnicas particulares (PPT) do contrato.

2.- Incremento do prazo de garantía fixado no Anexo I do Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP).

De acordo co que antecede a súa proposta non ten acollida como mellora, xa que non se atopa entre as contempladas nos pregos que rexen a licitación, non permitindo a lexislación vixente na materia que os licitadores presenten as melloras que estimen oportunas, senon que deben ser os pregos que as fixen e establezan o seu contido e alcance.

Polo exposto, procede desestimar o recurso interposto por Tradeseegur, S.A. contra o acordo da mesa de contratación de data 29 de outubro de 2020 de exclusión da licitación denominada "Subministro dun sistema de cámaras con lector de matrículas para control de infraccións de tráfico", ao presentar unha oferta que incumpe os pregos que rexen a licitación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido pola Xefa do Departamento de Contratación, e o informe desfavorable da Mesa de Contratación, acorda desestimar o recurso de alzada presentado por Tradeseegur, S.A. contra o acordo da mesa de contratación de data 29/10/2020, polo que se exclúe da licitación á empresa Tradeseegur, SA, por non axustarse a súa oferta ao indicado no prego de prescricións técnicas particulares, xa que o prego de prescricións técnicas que rexe a licitación establece que o equipo debe estar instalado nun vehículo e unido a este, polo que ao ofertar un equipo que pode intercambiarse entre vehículos non cumpre cos pregos que rexen a licitación.

Por outra banda, o feito de que o equipo ofertado sexa móbil, tampouco pode considerarse unha mellora, xa que non se atopa entre as mencionadas nos pregos que rexen a licitación, non permitindo a lexislación vixente na materia que os licitadores presenten as melloras que estimen oportunas, senon que deben ser os pregos que as fixen e establezan o seu contido e alcance.

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:40 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.